

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Nomeamento membros da Xunta de Goberno Local

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE DECRETO: 2019/G003/000316

ANTECEDENTES:

En cumprimento do indicado no artigo 52 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, conforme o ca, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde, que a preside, e concelleiros nomeados libremente por él como membros da mesma.

No mesmo senso, o artigo 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases de Réximen local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local, os/as seguintes concelleiros/as:

D^a EMILIA M^a TRILLO LOJO

D. RUBEN VILLAR AGULLEIRO

D. JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

SEGUNDO.- Que se dea traslado a presente resolución aos interesados, para aceptación. No caso de que non se acepte expresamente, no prazo de tres días hábiles, contados dende a presente resolución, entenderase aceptada a mesma.

TERCEIRO.- Que a presente resolución se publique no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, e se dea conta ó Pleno da Corporación.

CUARTO.- Quedan sin efecto cantos Decretos se houberan dictado con anterioridade o presente, relativos o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno do Concello de Cee, surtindo efectos o presente a partir do día da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, mércores 19 de xuño de 2019

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria municipal, Rocío Hermida Cancela

2019/5127

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Periodicidade sesións ordinarias Xunta de Goberno Local

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Periodicidade sesións ordinarias Xunta de Goberno Local

EXPEDIENTE DECRETO: 2019/G003/000480

ANTECEDENTES:

De conformidade co disposto no artigo 112.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, artigos 4.1 a) e o artigo 47 do Texto refundido de réxime local e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Que se realice **sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, o primeiro e terceiro MARTES de cada mes ás 09:00 horas.**

SEGUNDO.- Que se dea traslado da presente resolución ós membros da Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- A presente resolución deixa sen efecto ás resolucións que establezan outra periodicidade.

CUARTO.- Se publique no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, e se dea conta ó Pleno da Corporación,

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, mércores 11 de setembro de 2019

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria municipal, Rocío Hermida Cancela

2019/7379